



Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vós para informarvos de que o vindeiro venres, día 30 de outubro, celebraremos na escola o Magosto e o Samaín. Será unha celebración diferente á doutros anos, pois debemos cumprir con todas as medidas de seguridade fronte á COVID-19.

Lamentamos informarvos de que **NON poderemos contar coa vosa presenza**, polo que para suplir este pequeno inconveniente, intentaremos facervos chegar un pequeno vídeo con fotografías dese día.

Magosto: Asaranse as castañas no exterior do centro e posteriormente repartiranse, mantendo os grupos burbulla. Na aula elaboraremos os “portacastañas” (para o cal precisamos que os nenos/as traian un tetrabrick cortado á metade e lavado).

**Para sufragar unha parte dos gastos desta actividade solicitamos a achega de 1,5€ por alumno/a.**

Samaín: Coma todos os anos, o alumnado poderá vir disfrazado da casa, ademais poderá traer cabazas decoradas que se exporán no patio e serán avaliadas por un estrito xurado que fará entrega de premios ás máis orixinais.

Sen outro particular, aproveitamos para saudarvos atentamente.

O equipo docente do CEIP Campanario.